



## ESTABLECEMENTOS E PREZOS

| ESTABLECEMENTO                                        | Prezo por persoa descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (100 €) | Prezo por persoa para prazas de réxime especial unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra (400 €) |
|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| GRAN TALASO HOTEL SANXENXO 4* (SANXENXO)              | 334 €                                                                        | 34,00 €                                                                                                              |
| HOTEL CARLOS I SILGAR 4* (SANXENXO)                   | 334 €                                                                        | 34,00 €                                                                                                              |
| HOTEL SPA NORAT TORRE DO DEZA 4* (LALÍN)              | 299 €                                                                        | 0,00 €                                                                                                               |
| HOTEL SPA GALATEA 4* (PORTONOVO, SANXENXO)            | 305 €                                                                        | 5,00 €                                                                                                               |
| HOTEL NOVO ASTUR & SPA 3* (VILALONGA, SANXENXO)       | 275 €                                                                        | 0,00 €                                                                                                               |
| HOTEL NORAT MARINA AND SPA 4* SUPERIOR (O GROVE)      | 305 €                                                                        | 5,00 €                                                                                                               |
| HOTEL SPA NORAT O GROVE 3* SUPERIOR (O GROVE)         | 277 €                                                                        | 0,00 €                                                                                                               |
| TALASO HOTEL LOUXO LA TOJA 4* (ILLA DA TOXA, O GROVE) | 329 €                                                                        | 29,00 €                                                                                                              |

### DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Servizo de Benestar Social

Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel. 986 804 100

### ORGANIZACIÓN TÉCNICA DE HALCÓN VIAJES

Rúa Gran Vía, 35, 36204 Vigo. Tel. 986 431 433

Máis información en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) ou no tel. 986 804 100

### ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN



# BENESTAR

PROGRAMA DE TALASOS E SPA CON PERNOCTACIÓN



Deputación  
Pontevedra

  
**Halcón**  
viajes

SABEMOS DE  
VIAJEROS

## QUE OFERTA?

Unha **estancia** de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con talaso, *spa* ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra.

### O paquete comprende:

- **Estancia con pensión completa** (coas bebidas incluídas)
- Utilización do *spa* ou **talaso**, un mínimo de hora e media diaria
- **Transporte en autocar**
- Tres **tratamentos** complementarios de balde
- Programa de **animación sociocultural**
- **Seguro** de viaxe



## QUEN PODE PARTICIPAR?

**Persoas empadroadas na provincia de Pontevedra que cumpran algún dos seguintes requisitos:**

- Ter **55 anos** ou máis.
- Para persoas **menores de 55 anos**, deberá concorrer nelas algunha das seguintes circunstancias:
  - Ter recoñecido un grao de **discapacidade igual ou superior ao 65 %**.
  - Posuír a condición de **pensionista** polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outros.
  - Ter aprobada a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD). Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán acreditar, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, a necesidade dun respiro familiar.
- Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.

As persoas acompañantes deberán cumprir tamén todos os requisitos esixidos na data que termine o prazo de presentación de solicitudes.

## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Do 23 de febreiro ao 13 de marzo de 2026**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>

Os concellos colaboradores do programa prestaranlles asistencia ás persoas do seu ámbito territorial para presentar a súa solicitude. O listado estará dispoñible na páxina web.



## PRAZAS E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

**O programa ofrece 2.127 prazas:**

**2.097 de réxime xeral**

**a Deputación subvenciona 100 € por praza**

**30 de réxime especial**

**a Deputación subvenciona 400 € por praza**

\* Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas residentes en concellos colaboradores do programa, que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de pensión non contributiva de xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco ou exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu municipio de residencia.

